



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE QUINCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 02)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **quince de xaneiro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto, D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño e os Srs. Deputados D. Pablo Rivera Capón e D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día oito de xaneiro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación do proxecto do investimento nº 93 incluído polo Concello de A Fonsagrada, no Plan Único 2020, no que recolle:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de A Fonsagrada no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:



Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2020.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 28/07/2020, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSGRADA	93	ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO PISTA DE VILAPIÑOL AO FITO, REPOSICIÓN DE SERVIZOS NA RÚA OS CHAOS, APERTURA CAMIÑO EN CEREIXIDO, REHABILITACIÓN DE MURO NA POBRA DE BURÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS INTERIORES EN MOREIRA, POR ADMINISTRACIÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70 €	202.829,52 €	221.415,22 €

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM, das actuacións indicadas.

A Alcaldía do Concello de A Fonsagrada a través de escrito de data 04/12/2020 solicita:

A modificación do proxecto de investimentos incluídos inicialmente no Plan Único 2020, concretamente o investimento nº 93, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, sen variación económica nin das achegas, documentación e proxecto da nova actuación solicitada.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSGRADA	93	PROXECTO MODIFICADO DE ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO PISTA DE VILAPIÑOL AO FITO, REPOSICIÓN DE SERVIZOS NA RÚA OS CHAOS, APERTURA CAMIÑO EN CEREIXIDO, REHABILITACIÓN DE MURO NA POBRA DE BURÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS INTERIORES EN MOREIRA, POR ADMINISTRACIÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70 €	202.829,52 €	221.415,22 €

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

Neste caso trátase dunha obra por administración, polo que non procede a conformidade do contratista.

Consta no expediente a documentación requirida nas bases e non supón incremento orzamentario.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.



Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases (base 17) do Plan Único 2020, é a Xunta de Goberno.

Conclusión

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de A Fonsagrada que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2020.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de A Fonsagrada, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto de investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
A FONSGRADA	93	PROXECTO MODIFICADO DE ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO PISTA DE VILAPIÑOL AO FITO, REPOSICIÓN DE SERVIZOS NA RÚA OS CHAOS, APERTURA CAMIÑO EN CEREIXIDO, REHABILITACIÓN DE MURO NA POBRA DE BURÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS INTERIORES EN MOREIRA, POR ADMINISTRACIÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	18.585,70 €	202.829,52 €	221.415,22 €

2º.- Someter esta modificación do Plan Único 2020 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras, ou prórrogas concedidas ao efecto.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE INVERTEMENTOS INCLÚIDOS NO PLAN ÚNICO 2020.

Solicitud do Concello de Láncara sobre a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 124 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Láncara, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (124) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.



Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Láncara presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
LÁNCARA	124	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS EN RONFE, VILAMBRÁN, OLEIROS, TRASLISTE E LÁNCARA	1531.76201	9.397,13€

Por escrito de data 08/01/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS ENTRE ASTEIRE E SANTA CRISTINA (TOIRÁN)	1531.76201	54.000,00€	9.397,13€	63.397,13€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Láncara, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Láncara e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
LÁNCARA	REM	MELLORA DE VÍAS MUNICIPAIS ENTRE ASTEIRE E SANTA CRISTINA (TOIRÁN)	1531.76201	54.000,00€	9.397,13€	63.397,13€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS NA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A EXECUTAR NOS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM) DE RIBADEO, LOTE 2.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Con relación ó asunto, da proposta, remitida documentación polo cesionario e o cedente do contrato con data de 30 e 31 de decembro de 2020, que consta no expediente, xunto co informe con CVD IV7HUQI6FMBP3SP52YAXCNJCKA, emitido polo servizo de contratación a sección de Benestar e igualdade conformado, pola secretaría xeral, respecto da autorización de cesión do contrato acordada pola Xunta de Goberno de data 4 de decembro de 2020 , do seguinte teor literal :

“Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno de adxudicación do contrato á empresa Clece S.A., de data 29 de abril de 2019, da contratación das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 2: centro de atención a persoas maiores (CAM) de Ribadeo.

2.- Contrato asinado con data 24 de maio de 2019, con CSV 6TEL7YNRGMWWHISA5SGYIVAA, e Acta de inicio do contrato que establece unha duración desde o 13 de xuño de 2019 ata ao 20 de xuño de 2022.

3.- Solicitud da empresa Clece S.A., de data 16 de setembro de 2020 (2020RT006505), recibida na Sección de Benestar Social (2020/PES_03/014349). Comunicación da Presidencia da Deputación, de data 14 de outubro de 2020, a esta empresa, de que non resulta visible nin accesible a documentación que di achegar no seu escrito.

4.- Solicitude de Clece S.A. á Deputación de Lugo, de data 28 de outubro de 2020, (2020RT008782) recibida na Sección de Contratación (2020/PES_03/018048) de que “autorice expresamente la cesión de la ejecución del contrato administrativo” e aporta documentación da cesionaria, C.K. Senior Gestion S.L, esixida no PCAP para a adxudicación así como documento de conformidade do cesionario coa cesión solicitada polo contratista.

5.- Requirimento de Presidencia a Clece S.A., con CSV IV7G6QJOIDW4RDM2XRQA5ZYSKA, de data 11 de novembro de 2020, de documentación adicional.

6.- Clece S.A. presentou o 17 de novembro de 2020, a documentación solicitada e presentou documentación adicional o 1 de decembro de 2020.

7.- Con data de 4 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno acordou :

“1. Autorizar a cesión do contrato das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 2: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Ribadeo a favor de la empresa C.K. Senior Gestión S.L., con CIF B52518***, cuxo importe executado ascende a 645.752,48 euros (IVE incluído), que supón o 30,74 % do (IVE incluído); quedando pendente de executar un importe máximo de 1.455.140,85 euros, o 69,26%, finalizando a vixencia do mesmo o 20 de xuño de 2022.

2. Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 113.709,49 €”

8.- Con data de 30 de decembro a empresa C.K. Senior Gestion S.L remitiu a escritura de constitución, solicitando :



SUPLICA A ESA DIPUTACIÓN PROVINCIAL, tenga por presentado este escrito y escritura pública adjunta; se sirva admitirlo; se conceda la prórroga solicitada para la presentación del resguardo de depósito de la garantía definitiva y por realizadas las manifestaciones que en el mismo se contienen y, en su virtud, acuerde tener por cumplimentado, en tiempo y forma, el requerimiento efectuado al cesionario, mediante la aportación de los documentos adjuntos a este escrito, dando por perfeccionado la cesión del contrato administrativo circunstanciado, a todos los efectos, siendo efectiva dicha cesión con fecha 1 de enero de 2021, en tanto subsiste vigente la garantía presentada por la cedente para responder de las obligaciones dimanantes del contrato cedido y no procediendo a su devolución al mismo por esa administración en tanto no se presente la nueva garantía con todo lo demás que sea procedente en Derecho. Ello por ser de Justicia que pido en Lugo a 30 de diciembre de 2020.

9.- Con data de 31 de decembro a entidade Clece S.A , remitiu escrito no que sinalaba:

En el marco de la cesión del contrato administrativo de PRESTACION A PERSONAS MAYORES EN CENTRO DE ATENCION DE RIBADEO que CLECE, S.A. formalizó el pasado 24 de mayo de 2019, y a los efectos de cumplimentar los requerimientos del escrito de autorización de la cesión del mismo se ha realizado y presentado la escritura de elevación a público del acuerdo de cesión y en cumplimiento del requisito de presentación de resguardo de depósito de aval por el importe solicitado en el mencionado escrito, CLECE mantiene el aval que responde de las obligaciones del contrato cedido a CK SENIOR GESTION en tanto esta última no lo sustituya por el de nueva emisión a satisfacción de esa administración y solicita se tenga por cumplidos los requisitos a los efectos de producirse formalmente la cesión con fecha de efecto 1 de enero de 2021

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP, téndose autorizado pola Xunta de goberno con data de 4 de decembro de 2020, dacordo coa habilitación do PCAP na cláusula 24.3, baixo a condición da elevación a público do acordo e remisión do resgardo da constitución da garantía.

Segunda.- Respecto do cumprimento das condicións da autorización da cesión consta:

Escrito da cesionaria de 30 de decembro, no que aportando escritura de elevación a público do acordo de cesión, solicita ampliación de prazo respecto do depósito do aval, dando por perfeccionada a cesión no tanto subsiste a garantía depositada pola cedente.

Escrito de 31 de decembro de 2020 no que Clece SA mantén o aval xa depositado respondendo das obrigas do contrato cedido en tanto este non se vexa substituído.



Cumplido o requisito de elevación a público, e respecto da garantía sinala a normativa que a mesma se constituirá so no caso de que o órgano de contratación autorice a cesión e con posterioridade a dito acordo. Non se procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente ata que se atope formalmente constituída a do cesionario (artigo 111.4 da LCSP). Polo tanto establece esta prevención co fin de que quede preservada a finalidade da mesma, que neste caso goza da anuencia da entidade cedente.

Respecto da solicitude de ampliación de prazo dacordo co establecido no art. 32 da lei 39/2015 LPAC, no tanto, persiste unha garantía que responde da prestación que executa o cesionario, e resultaría posible ó largo da duración do contrato a modificación da modalidade de garantía entre as legalmente previstas, non se prexudica o interese xeral nin a terceiros, polo que cabe estimar a petición cunha ampliación ate o máximo de 5 días hábiles adicionais .

Terceira.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Cuarta.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaría Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Quinta.- Así pois se informa favorablemente a solicitude de ampliación de prazo formulada polo cesionario e o cumprimento dos requisitos impostos á cesión con data de 4 de decembro de 2020, baixo as consideracións e presupostos indicados, formulando a seguinte proposta de acordo:

Ter por cumprimentados ós requisitos impostos con data de 4 de decembro de 2020 na Autorización da cesión do contrato das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP E 4 do PPT, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 2: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Ribadeo a favor de la empresa C.K. Senior Gestión S.L., con CIF B52518***, cuxo importe executado ascende a 645.752,48 euros (IVE incluído), que supón o 30,74 % do (IVE incluído); quedando pendente de executar un importe máximo de 1.455.140,85 euros, o 69,26%, finalizando a vixencia do mesmo o 20 de xuño de 2022. Quedando perfeccionada a cesión autorizada dende o momento da atención do requirimento nos termos expresados nos antecedentes..

Estimar a solicitude de ampliación de prazo realizada por C.K. Senior Gestión S.L, outorgando prazo de 5 días hábiles dende a notificación da presente para o depósito da garantía nos termos requiridos, advertindo a cedente e cesionario que no tanto non se substitúa, a garantía depositada por Clece SA, e dacordo co seu escrito de 31 de decembro de 2020, ésta queda afecta ás obrigas legalmente establecidas, durante toda a duración do contrato.”

Constando así mesmo informe de fiscalización favorable con CSV IV7HUWH3P46KUWWP4QMMENQWOA que conclúe :

“En relación o informe-proposta de verificación do cumprimento das condicións establecidas na autorización de cesión, da contratación das prestacións, a executar nos centros de atención a persoas maiores (CAM) de Ribadeo, lote 2, esta Intervención informa favorablemente dita proposta. EXP0033SE18-ABO. GTM 2020/PES_03/018048”

Propoño á Xunta de Goberno que adopte acordo nos seguintes termos :

1º.- Ter por cumprimentados ós requisitos impostos con data de 4 de decembro de 2020 na Autorización da cesión do contrato das prestacións determinadas na cláusula 2.1 do PCAP e 4 do



PPT, a executar nos Centros de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Trabada e Ribadeo, lote 2: Centro de Atención a Persoas Maiores (CAM) de Ribadeo a favor de la empresa C.K. Senior Gestión S.L., con CIF B52518***, cuxo importe executado ascende a 645.752,48 euros (IVE incluído), que supón o 30,74 % do (IVE incluído); quedando pendente de executar un importe máximo de 1.455.140,85 euros, o 69,26%, finalizando a vixencia do mesmo o 20 de xuño de 2022. Quedando perfeccionada a cesión autorizada dende o momento da atención do requirimento nos termos expresados nos antecedentes..

2º.- Estimar a solicitude de ampliación de prazo realizada por C.K. Senior Gestión S.L, outorgando prazo de 5 días hábiles dende a notificación da presente para o depósito da garantía nos termos requiridos, advertindo a cedente e cesionario que no tanto non se substitúa, a garantía depositada por Clece SA, e dacordo co seu escrito de 31 de decembro de 2020, ésta queda afecta ás obrigas legalmente establecidas, durante toda a duración do contrato.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

“Asunto: Reintegro que trae causa do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenrolo das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), formalizado o 3 de febreiro de 2009.

En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito

O Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), formalizouse o 3 de febreiro de 2009.

O devandito Convenio foi ratificado por Decreto de Presidencia (de data 31 de marzo de 2009) e por acordo da Xunta de Goberno (en sesión ordinaria celebrada o 3 de abril de 2009).

Dende a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A remitíronse escritos (o 28 de decembro de 2017 -Rex. Entrada 38180-, o 26 de decembro de 2018 -Rex. Entrada 34899- e o 15 de novembro de 2019 -2919RPE022236-) dirixidos ao Servizo de Contratación e Fomento nos que se solicita e reitera o abono da cantidade de 56.718,68 € en concepto de gastos derivados do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), concretamente os gastos que se relacionan a continuación:

Por “justiprecios JUPE 2017”: 45.319,97 € (que é o 30 % de 151.066,57 €).

Por “intereses demora” (2017): 11.398,72 € (que é o 30 % de 37.995,70 €).

A Axencia Tributaria (A.E.A.T) remitiu, o 12 de marzo de 2020 un documento de pago (período executivo de pago) no que se reclama a cantidade de 56.718,68 € en concepto de “Ingresos de REC. de O.E.P. gestionados por la AEAT 2019 cofinanciación río Eo en Chousa”.

Por resolución presidencial, de data 20 de abril de 2020, prestouse aprobación á proposta do Servizo de Contratación e Fomento –Área de Presidencia- de aprobar o pago da achega



provincial, por importe de 56.718,68 €, en concepto de gastos derivados do convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), formalizado o 3 de febreiro de 2009, á Axencia Estatal de Administración Tributaria –AEAT- sen prexuízo de reclamar como ingreso indebido, se procede, á Confederación Hidrográfica do Cantábrico O.A a cantidade correspondente aos xuros de mora”.

Por resolución presidencial, de data 30 de decembro de 2020, resolveuse prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º. Aprobar a conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da corresponde aos “justiprecios JUPE 2018”:

2º. Aprobar o gasto por importe de 1.269,19 € en concepto de “justiprecios JUPE 2018” derivados da execución do citado convenio a favor da Confederación Hidrográfica do Cantábrico O.E.

3º. Que se inicie o procedemento de reintegro por importe de 10.352,83 € (11.622,02 €- 1.269,19 €) a Confederación Hidrográfica do Cantábrico O.E”.

Tendo en conta que os intereses calcúlanse tomando como referencia a data de pago e a data de inicio do procedemento de reintegro (que se eleva a Xunta de Goberno do 15 de xaneiro de 2021) solicitouse calculo actualizado dos intereses reflectido no informe do Tesoureiro co seguinte teor:

“CÁLCULO DE XUROS DE MORA SERVIZO CONTRATACIÓN.- SECCIÓN DE FOMENTO
- ENTIDADE : CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO
- REINTEGRO ACHEGA CONVENIO DE COLABORACIÓN
- PAGAMENTO : 56.718,68 € O DÍA 24/04/2020

- CANTIDADE A REINTEGRAR: 11.398,72 €

- DATA REINTEGRO: 15/01/2021

DENDE	ATA	DÍAS	CAP.ACUM.	% XUROS	TOTAL
24/04/2020	31/12/2020	252	11.398,72 €	3	235,45€
01/01/2021	15/01/2021	15	11.398,72 €	3	14,01€
TOTAL XUROS 249,46€					

De tal xeito que a contía a reintegrar vese incrementada en 26,16 € (con respecto ao que consta na resolución presidencial de data 30 de decembro de 2020), sendo o importe a reintegrar - 10.378,99 €- que é o resultado de restar a 11.648,18 € (11.398,72 € “intereses demora” (2017)” + 249,46 € “xuros”) os 1.269,19 € (“justiprecios JUPE 2018).

Fundamentos de dereito

Na Cláusula quinta –réxime de financiación do convenio de referencia recollese que:

“La financiación de los trabajos se realizará de acuerdo con los siguientes porcentajes.

Setenta por ciento (70%) a cargo de la Confederación Hidrográfica do Cantábrico correspondiendo a la ayuda proporcionada por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER).

Treinta por ciento (30%) a cargo de la Diputación Provincial de Lugo que corresponde a la aportación nacional de la financiación FEDER.

Ambas Instituciones asumen en la misma proporción las variaciones económicas que puedan producirse, al alza o a la baja, por modificaciones, revisiones de precios, obras complementarias y otras incidencias que sean aprobadas en el desarrollo del contrato de obras. (...).”

Na Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa, concretamente no artigo 56, establécese que:

“Cando transcorresen seis meses dende a iniciación legal do expediente expropiatorio sen determinarse por resolución definitiva o xusto prezo das cousas ou dereitos, a Administración expropiadora culpable da demora estará obrigada a aboar ao expropiado unha indemnización que



consistirá no interese legal do xusto prezo ata o momento en que se determinou, que se liquidará con efectos retroactivos, unha vez que o prezo xusto fose efectuado”.

Conclusiones,

Por todo o exposto, tendo en conta que os gastos derivados dos “intereses demora 2017” deben asumirse pola Confederación ou, de ser o caso, polo Xurado Provincial de Expropiacións e que os gastos derivados dos “justiprecios 2017” encádranse, segundo a documentación facilitada pola Confederación, nos supostos establecidos na cláusula quinta do Convenio de referencia, é dicir como unha das: ”variantes económicas que puedan producirse, al alza o a la baja, por modificaciones, revisiones de precios. (...)”, e polo tanto imputables no 30 % á Deputación Provincial de Lugo, informase favorablemente, que pola Xunta de Goberno, se acorde o inicio do procedemento de reintegro por importe de 10.378,99 € (que é o resultado de restar a 11.648,18 € (11.398,72 € “intereses demora” (2017)” + 249,46 € “xuros”) os 1.269,19 € (“justiprecios JUPE 2018)) á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A”.

En base ao anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento de reintegro á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A por importe de 10.378,99 € .

2º.- Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de quince día hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acto, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A poida alegar e presentar os documentos ou xustificantes que estime pertinentes.

3º.- Ao efectos de proceder ao ingreso do importe obxecto de reintegro, o mesmo efectuarase na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000----, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/002305”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO Á CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Inicio procedemento de reintegro.

Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e a Excm. Deputación Provincial de Lugo, para financiar as actuacións do Plan Marco Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con FEADER no marco do PDR de Galicia, de data 17 de outubro de 2014.

En relación ao asunto de referencia dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- “Aprobar o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural “AGADER” e esta Excm. Deputación Provincial para o desenvolvemento na provincia de Lugo do “Programa de mellora de Camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)”.

2º.- Aprobar o gasto en concepto de achega económica para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, por parte desta Deputación que ascende á cantidade de 741.397,98 €, dos que 349.945,07 € corresponden á anualidade 2014, adquirindo o compromiso de incluír nos orzamentos do ano 2015 os 391.992,91 € restantes, tendo en conta que se trata dun gasto



plurianual, e polo tanto a súa aprobación queda supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- “Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e esta Deputación Provincial para financiar as actuacións do Plan Marco “Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015”, cofinanciado con FEADER no Marco do PDR de Galicia, en substitución do texto do convenio de colaboración entre esta Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural “AGADER” para o desenvolvemento na provincia de Lugo do “Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015”, financiado co FEADER, previamente aprobado pola Xunta de Goberno de 18 de xullo de 2014.

2º.- Aprobar o cambio no importe das anualidades contempladas no convenio de referencia, quedando establecidas na forma que se indica no cadro de abaixo:

2014	2015	TOTAL DEPUTACIÓN LUGO
275.248,71 €	466.689,26 €	741.937,97 €”

O convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e esta Deputación Provincial para financiar as actuacións do Plan Marco “Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015”, cofinanciado con FEADER no Marco do PDR de Galicia, formalizouse o 17 de outubro de 2014.

Por resolución presidencial, de data 7 de xaneiro de 2021, resolveuse:

1º. Aprobar a conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e a Excm. Deputación Provincial de Lugo, para financiar as actuacións do Plan Marco Programa de Mellora de camiños

de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con FEADER no Marco do PDR de Galicia, por importe de 669.487,92 €.

2º. Iniciar o procedemento de reintegro por importe de 72.450,05 € (741.937,97 € - 669.487,92 €), xunto cos intereses de mora correspondentes, trala aprobación da conta xustificativa, tendo en conta que a Deputación de Lugo abonou o 100 % da contía comprometida pola Deputación .

Tendo en conta que os intereses calcúlanse tomando como referencia a data de pago e a data de inicio do procedemento de reintegro (que se eleva a Xunta de Goberno do 15 de xaneiro de 2021) solicitouse calculo actualizado dos intereses, reflectido no informe do Tesoureiro co seguinte teor:

“CÁLCULO DE XUROS DE MORA SERVIZO CONTRATACIÓN.-

SECCIÓN DE FOMENTO

- ENTIDADE : CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O MAR

- REINTEGRO ACHEGA CONVENIO DE COLABORACIÓN

- DATAC DE PAGAMENTO : 20/07/2016

- CANTIDADE A REINTEGRAR: 72.450,05 €

- DATA REINTEGRO: 15/01/2021

DENDE	ATA	DÍAS	CAP.ACUM.	% XUROS	TOTAL
20/07/2016	31/12/2016	165	72.450,05	3	979,86
01/01/2017	31/12/2017	365	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2018	31/12/2018	365	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2019	31/12/2019	365	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2020	31/12/2020	366	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2021	15/01/2021	15	72.450,05	3	89,08
TOTAL XUROS 9.762,94“					

Por todo o exposto informase favorablemente, que pola Xunta de Goberno, se acorde o inicio do procedemento de reintegro por importe de 82.212,99 €, á Consellería do Medio Rural e o Mar”.



En base ao anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- Acordar o inicio do procedemento de reintegro á Consellería do Medio Rural e o Mar por importe de 82.212,99 €.

2º.- Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acto, a Consellería do Medio Rural e o Mar poida alegar e presentar os documentos ou xustificantes que estime pertinentes.

3º.- Ao efectos de proceder ao ingreso do importe obxecto de reintegro, o mesmo efectuarase na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000---, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/000002”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos os Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-2901 “LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)” PK 3+340 a 5+400. LUGO.

Contratista: Francisco Gómez y Cía, S.L.

- Obra: Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo- San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950. OUIROL.

Contratista: Cholo, S.L.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN PROTOCOLO PARA PRESTAR SERVICIOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Protocolo para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 19. catro da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), acorde:



1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de Técnico/a Superior en Protocolo, grupo A – subgrupo A1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de discapacitados), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020, publicadas no BOP número 079 de 6 de abril de 2020 e na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 publicadas no BOP número 161 de 15 de xullo de 2020, así como na web corporativa www.deputacionlugo.gal, apartado emprego público(RRHH)-selección temporal.

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán as bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- COMPARECENCIA EN RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO
NÚM. 235/2020.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº235/2020-J interposto por Allianz Compañía de Seguros Sociedad Anónima e D. Iván López Fernández fronte á resolución de data 2 de novembro de 2020 na que se desestima a reclamación de indemnización de danos e prexuízos por responsabilidade patrimonial promovida en data 17 de xuño de 2020, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.